

Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
DA XUNTA DE GALIZA

C/C: Consellaría de Facenda, Delegación do Goberno de
España en Galiza, Federación Galega de Municipios e
Provincias, Confederación de Empresarios de Galicia

**Asunto: Convocatoria de folga xeral nas comarcas de
Ferrolterra, Eume e Ortegal**

Manuel Anxo Grandal Anca, con Documento de Identidade 32.634.954-R
en representación do sindicato CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL
GALEGA (CIG), do cal é secretario comarcal en Ferrol, con domicilio a
efectos de notificacións na rúa Eduardo Pondal 41, 15403-Ferrol, teléfono
981358750, fax 981358760 e correo electrónico ancaferrol@gaizacig.gal.

Santiago Eloy Díaz Gómez, con Documento de Identidade 32.623.036-C
en representación do sindicato nacional de COMISSIONS OBREIRAS
(CCOO), do cal é secretario comarcal en Ferrol, con domicilio a efectos de
notificación na rúa María 42-44, 15402-Ferrol, teléfono 981 369 300, fax
981 350 353 e correo electrónico santiagodiaz@galicia.ccoo.es.


José A. Díaz Casteleiro, con Documento de Identidade 32.661.064-Y, en
representación do sindicato UNION XERAL DE TRABALLADORES
(UGT), do cal é secretario comarcal en Ferrol, con domicilio a efectos de
notificación na rúa Carme 43-45, 15402- Ferrol, teléfono 981350023, e
correo electrónico jadiaz@galicia.ugt.org.

EXPOÑEN:

I. Que as Executivas CIG, CCOO, e UGT en Ferrol decidiron convocar
unha FOLGA XERAL nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que
afectará a toda as actividades desempeñadas polos traballadores e
traballadoras de empresas privadas e polos empregados e empregadas do
sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral, no ámbito
territorial das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

II. Mediante este escrito, e consoante ao disposto nos artigos 3 e 4 do
Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo, os sindicatos antes
mencionados, proceden a comunicar formalmente a decisión adoptada,
coa advertencia de que a folga afecta a empresas, administracións e
organismos que prestan actividades e servizos esenciais para a
comunidade.

III. A folga convocada terá lugar o día 10 de marzo de 2021, comezando
ás 00:00 horas e rematando ás 24:00 horas, coas salvidades que se
indican a continuación:



- Nas empresas, administracións e organismos que teñan varias quendas de traballo, o comezo da folga efectuarase na primeira quenda, aínda que comece antes das 00.00 horas do día 10 de marzo, e a súa finalización terá lugar unha vez rematada a última quenda, aínda que se prolongue despois das 24.00 horas do día 11 de marzo. Así mesmo, naquelas empresas que teñan unha única quenda de traballo que comece antes das 00.00 horas do día 11 de marzo, o paro iniciárase á hora de comezo da actividade laboral e finalizará o día 11 de xuño na hora en que conclúa esta.

- Para garantir a cobertura informativa do paro, nas empresas do sector do xornalismo e medios de comunicación, a folga convocada terá lugar no período comprendido entre as 07:00 horas do día 10 de marzo de 2021 e as 24:00 horas do día 11 de marzo de 2021, correspondendo aos traballadores e traballadoras de cada centro de traballo a determinación do horario de folga dentro do período de referencia.

IV. O obxectivo da folga xeral é mostrar o rexeitamento da clase traballadora de Ferrolterra, Eume e Ortegá á grave situación, laboral, social e económica, derivada do continuo desmantelamento industrial que se está a producir nas nosas comarcas.

Así como, a demanda de medidas urxentes por parte das distintas administracións nas nosas comarcas, para frear esta situación, tanto a curto, como a medio e longo prazo.

A pobreza, a desertización industrial e a despoboación das nosas comarcas poden ser imparabeis.

VI. O Comité de Folga estará formado polas seguintes persoas:

1. MANUEL ANXO GRANDAL ANCA con DNI 32.634.954 - R
2. JUAN GALDO REGUEIRO con DNI 32.639.718-G
3. ALEJANDRO BELLO MARTINEZ con DNI 32.689.563-P
4. NURIA FERNANDEZ SANCHEZ con DNI 32.688.388-Y
5. JOSE ANTONIO DIAZ CASTELEIRO con DNI 32.661.064-Y
6. JORGE ULLA ROCHA con DNI 47360325-J

O Comité de Folga delega expresamente nas estruturas sindicais e nos representantes dos traballadores e traballadoras que en cada caso se designen para os efectos de negociar servizos mínimos e outras cuestións operativas relacionadas co desenvolvemento da folga xeral.

Para os efectos de constancia e comunicación preceptiva, asinan a presente en representación das organizacións sindicais convocantes, en Ferrol, a 4 de febreiro de 2021.

Manuel A Grandal
Sº comarcal CIG

Santiago Díaz
Sº comarcal CC.OO

Jose A. Díaz
Sº comarcal UGT

